



A Xunta de Goberno Local do Concello de Ames, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2018, acordou :

“PUNTO QUINTO.- EXECUCIÓN DO PEID PARA DOTACIÓN ESCOLAR NO MILLADOIRO. APROBACIÓN DEFINITIVA.

Expediente: 2018/213/000006

O 27 de decembro do 2012 aprobouse polo Pleno o Plan Especial de Dotacións para implantación dun dotacional educativo, PEID en adiante, ao abeiro da anterior Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no que fixase como sistema de actuación o de expropiación.

O 26 de xullo do 2018, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de aprobación inicial do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para execución do Plan Especial referido no anterior parágrafo, redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois e datado o 5 de xullo do 2018.

No mesmo acto, acordouse someter o devandito documento a información pública polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

A información pública efectuouse mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia Nº 153 do 10 de agosto e no xornal La Voz de Galicia do 9 de agosto do 2018, así coma no portal de transparencia do Concello.

Á par, notificouse individualmente as taxacións a aquelas persoas que constan no expediente como titulares de bens ou dereitos, así como ao Ministerio Fiscal no que atinxe a dúas parcelas de propietario descoñecido, notificacións que fixéronse mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que puideran formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación.

No BOE do 25 de setembro do 2018 publicouse anuncio de notificación para emprazar ao seguintes interesados aos que non se pode practicar notificación persoal.

Durante o prazo de información pública presentáronse observacións e reclamacións polos seguintes interesados:

- 24 de agosto do 2018 (R.E. Nº Francisco Calo Abelleira en nome de:

Interesado	NIF	Parcela
- Alegantes: Rogelio Pena González e	33.197.575-L	15002A515014340000



<i>María Mercedes Pena González</i> - <i>Rexistro: Manuel Pena Santomil e</i> <i>María González Bustelo.</i>	<i>33.202.100-J</i> <i>33.027.406-G</i> <i>33.034.369-K</i>	<i>BS e</i> <i>15002A515014350000</i> <i>BZ</i> <i>Rexistrais 39891 e</i> <i>39893</i>
<i>Fernando Bustelo Pena</i>	<i>33.213.428-W</i>	<i>15002A515014070000</i> <i>BA</i> <i>Rexistral 39841</i>
- <i>Alegantes: Manuel Barreiro Boga</i> <i>(Manuela Barreiro Boga e José Ramón</i> <i>Barreiro Boga)</i> - <i>Rexistral: María Boga Ríos.</i>	<i>33.215.452-W</i> <i>33.175.657-C</i>	<i>15002A515014100000</i> <i>BA</i> <i>Rexistral 39845</i>
<i>Josefina Fernández González</i>	<i>33.162.849-T</i>	<i>15002A515014110000</i> <i>BB</i> <i>Rexistral 39847</i>
<i>Carlos Bustelo Ríos</i>	<i>33.197.853-K</i>	<i>15002A515014120000</i> <i>BY</i> <i>Rexistral 39849</i>
- <i>Alegantes: M^a. del Carmen Codesido</i> <i>Sixto.</i> - <i>Rexistral: Alfredo Costoia Fernández.</i>	<i>33.201.391-V</i> <i>33.183.313-V</i>	<i>15002A515014330000</i> <i>BE</i> <i>Rexistral 39889</i>

Os interesados relacionados enriba achegan informe de valoración asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira.

- O 7 de setembro do 2018 (R.E. N^o e posterior escrito de adhesión do 9 de outubro do 2018, as copropietarias:

<i>Interesados</i>	<i>DD.NN.II</i>	<i>Parcela</i>
<i>María Mercedes Blanco Louzao</i>	<i>33170351-G</i>	<i>15002A515014080000BB</i>
<i>Carmen Alcira Blanco Louzao</i>	<i>33170352-M</i>	<i>Rexistral 39843</i>

Respecto desta última interesada cómpre apuntar que aínda que, como antes referiuse, nun principio houbo que publicar notificación en BOE por resultar infructuosa, nun momento posterior presenta alegacións, polo que pode considerarse notificada.

O 19 de outubro do 2018 a arquitecta municipal emite informe no que propón a desestimación das devanditas alegacións, así como a aprobación definitiva do proxecto de expropiación en cuestión.

O 15 de novembro do 2018 (R.E. 201899900001747) preséntase polos redactores do proxecto de expropiación, documento completado para aprobación definitiva datado o 14 de novembro do 2018.

Figuran no expediente informe da arquitecta municipal e informe proposta da asesora xurídica de Urbanismo que serven de motivación ó acordo que se adopta.

O informe da arquitecta municipal é do teor literal seguinte:



URBANISMO

Expediente 2018/213/000006

EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA DOTACIÓN ESCOLAR NO MILLADOIRO

INFORME DAS ALEGACIÓNS

Antecedentes

A Xunta de Goberno do concello de Ames de 26 de xullo de 2.018 aproba inicialmente o proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro, entregado o 5 de xullo de 2.018

Técnicos redactores: Isidro López Yáñez, arquitecto.

Beatriz Blanco Lois, enxeñeira técnico agrícola.

Dita expropiación recolle os terreos contidos no polígono obxecto do Plan Especial de Dotacións para implantación dunha Dotación Escolar no Milladoiro que aproba o Pleno do concello de data 27 de decembro de 2.012 definitivamente e que establece a expropiación coma sistema de actuación. As parcelas do ámbito están situadas entre a estrada local de Milladoiro a Laraño (nomeada Rúa Nova no tramo urbano do Milladoiro) e o camiño de Millalar a Ventín.

Tramitación:

O Artigo 118.2 e ss. do RD Legislativo 7/2015, de 20 de junio, polo que se aproba o texto refundido da lei do Solo en coherencia co artigo 293.2 e ss. do regulamento que o desenvolve recolle ao respecto da tramitación da expropiación por taxación conxunta:

2. El proyecto de expropiación, con los documentos señalados en el artículo 292, será aprobado inicialmente y expuesto al público por plazo de un mes, para que aquellas personas que pudieran resultar interesadas formulen las observaciones y reclamaciones que estimen convenientes, en particular en lo concerniente a la titularidad o valoración de sus respectivos derechos.

3. La información pública se efectuará mediante la inserción de anuncios en el Diario Oficial de Galicia y en un periódico de los de mayor circulación de la provincia (artículo 118.3 de la LSG).

4. Asimismo, las tasaciones se notificarán individualmente a aquellas personas que aparezcan como titulares de bienes o derechos en el expediente, mediante traslado literal de la correspondiente hoja de precio y de la propuesta de fijación de los criterios de valoración, para que puedan formular alegaciones en el plazo de un mes, a contar a partir de la fecha de notificación (artículo 118.4 de la LSG).

5. Cuando el órgano expropiante no sea el municipio, se oirá a éste por igual plazo de un mes. El periodo de audiencia a la administración municipal podrá coincidir en todo o en parte con el de las personas interesadas (artículo 118.5 de la LSG).

6. Emitido informe sobre las alegaciones, se someterá el expediente a la aprobación del órgano municipal o autonómico que sea competente. Se entiende que el órgano autonómico competente será la persona titular de la consellería expropiante (artículo 118.6 de la LSG).

7. La resolución aprobatoria del expediente se notificará a las personas interesadas titulares de



bienes y derechos que figuran en el mismo, confiriéndoseles un plazo de veinte días, durante el cual podrán manifestar por escrito ante el órgano expropiante su disconformidad con la valoración establecida en el expediente aprobado.

En tal caso, se dará traslado del expediente y de la hoja de aprecio impugnada al Jurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fijar el justiprecio, que, en todo caso, se hará de acuerdo con los criterios de valoración establecidos en la legislación vigente (artículo 118.7 de la LSG).

8. Si las personas interesadas no formularan oposición a la valoración en el citado plazo de veinte días, se entenderá aceptada la que se fijó en el acto aprobatorio del expediente, entendiéndose determinado el justiprecio definitivamente y de conformidad (artículo 118.8 de la LSG).

9. Los errores no denunciados y justificados en el plazo señalado en el apartado 2 de este artículo no darán lugar a la nulidad o reposición de actuaciones, sin perjuicio de que las personas interesadas conserven su derecho a ser indemnizadas en la forma que corresponda (artículo 118.9 de la LSG).

10. El acuerdo de aprobación definitiva del expediente de tasación conjunta implicará la declaración de urgencia de la ocupación de los bienes y derechos afectados (artículo 118.10 de la LSG).

La ocupación comporta la necesidad de levantar un acta en los términos contenidos en la legislación estatal.

11. El pago o depósito del importe de la valoración establecida surtirá los efectos previstos en los números 6, 7 y 8 del artículo 52 de la Ley de expropiación forzosa, sin perjuicio de que continúe la tramitación del procedimiento para la definitiva fijación del justiprecio (artículo 118.11 de la LSG).

12. Con posterioridad a la aprobación definitiva del proyecto de expropiación, se procederá por el ayuntamiento a la inscripción registral de las parcelas en los términos contenidos en la legislación estatal y a instar del Catastro la actualización de su configuración y titularidad.

Publicaciones da aprobación en Xunta de Goberno Local de 26-7-2018:

La Voz de Galicia 9-8-2018

DOG nº153 10-8-2018

Notificaciones individuales.

Polos antecedentes expostos, e unha vez rematada a exposición pública compre emisión de informe ás alegacións presentadas contra o proxecto de expropiación.

Alegacións presentadas

1º.- Alegación de RE nº20180000006287 de 24 de agosto de 2018.

por Francisco Calo Abelleira en representación de :

Rogelio Pena Gonzalez e Mercedes Pena Gonzalez

Fernando Bustelo Pena

Manuel Barreiro Boga

Josefina Fernández Fernández



Carlos Bustelo Ríos

M^a del Carmen Codesido Sixto

O contido da alegación que asinan estes titulares é idéntica, está referida especificamente á valoración dos terreos e recolle dous puntos:

- Disconformidade co coeficiente de localización empregado na taxación do proxecto.*
- Desacordo coa valoración de expropiación proposta por non contemplar a “capacidade de construción do terreo”*

Aportan informe de valoración asinado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Calo Abelleira.

O informe de valoración de D. Francisco Calo Abelleira, expón:

- Que ademais do uso característico do solo rústico conforme á súa natureza, en base ao que a taxación do proxecto de expropiación calcula o valor do solo, a Lei do solo prevé outros usos e actividades admisibles.

- Que pola cercanía ao núcleo urbano e ao polígono os terreos a expropiar poideran ser susceptibles de acoller os usos e actividades admisibles.

- Que a taxación da renda anual real ou potencial non recolle o valor económico da proximidade co solo urbano de Milladorio.

- Que o método aplicable para a taxación tería que ser o de comparación.

Respecto deste último punto cita tres supostos exemplos comparables.

*2º.- Alegación de RE nº201800000006644 do 12 de setembro 2018
presentada por:*

M^a Mercedes Blanco Louzao

coa posterior adhesión de Carmen Alcira Blanco Louzao (9-10-2018)

O contido da alegación que asinan estes titulares refírese especificamente á valoración da finca da súa propiedade no proxecto de expropiación cos seguintes puntos:

- Disconformidade cos criterios contidos no proxecto respecto da valoración do solo.*
- Disconformidade coa taxación concreta incorporada ao proxecto.*
- O superior valor da finca aos efectos fiscais da consellería de Facenda (aporta ficha)*
- Aporta importe de valoración do enxeñeiro técnico agrícola D. Santiago Alonso Barral.*

*Ao respecto, **INFORMO:***

Alegación de RE nº201800000006287 de 24 de agosto de 2018.

-Respecto do desacordo co coeficiente de localización compre suliñar que a cifra empregada na taxación do proxecto resposta aos cálculos feitos segundo a fórmula e os parámetros establecidos no artigo 17 do Regulamento da lei do solo estatal mentras que o informe aportado coa alegación



non incorpora un cálculo alternativo nin detecta ningún erro no calculado no proxecto.

Polo tanto non aportan xustificación para modificar o coeficiente calculado.

- En canto ao desacordo coa valoración da expropiación por non ter considerado a “capacidade de construción do terreo” con carácter xeral, esta cuestión atópase suñada no informe pericial nomeando outros usos e actividades autorizables recollidos pola Lei do Solo de Galicia, e concretamente cita os que presupón máis rentables coma estacións de servizo ou amoreamento de materiais.

Ao respecto compre indicar:

Os usos sinalados non son compatibles co vixente Plan especial para Dotación Escolar tramitado aos efectos e aprobado polo pleno do 27 de decembro de 2.012.

A posibilidade de implantación de determinadas edificacións para usos admisibles no solo rústico non ten carácter xeral de aplicación a un conxunto de predios e non está garantida para cada parcela; ademais de cumprimento de normativa sectorial (por exemplo garantir as franxas de seguridade pola normativa en materia de prevención de incendios) debe acatar as condicións establecidas no artigo 39 da propia lei que esixe determinadas dimensións dos predios, de proporcións polo uso e recuamentos, existencia de servizos ou asunción o custo da súa implantación, etc.

- En canto ao método acaído para a taxación de predios rústicos, ou solo en condición de rural polo estado actual dos terros segundo o Texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana vixente e o seu regulamento é de Rendas, coa capitalización de rendas anuais, potenciais ou reais, para o que é competente o técnico redactor da pericial que achega a alegación. Non obstante non redacta tasación alternativa, poñendo en cuestión a condición de rural do solo que condiciona o método a empregar. Tampouco exemplifica unha taxación polo método de comparación, xa que requiriría dun número suficiente de testigos fehacientes ponderados individualizadamente.

En calquera caso, compre considerar o uso característico de terreos en rústico, ou en condición de rural na lexislación estatal, para taxación do proxecto de expropiación calcula o valor do solo, e aos efectos a explotación forestal segundo o proxecto redactado.

Alegación de RE nº20180000006644 do 12 de setembro 2018

A alegación presentada non aporta tasación técnica específica nin sinala deficiencias da contida no proxecto xa que aporta unicamente copia dunha folla do Inventario, avalúo e partición da herdanza cunha folla dunha aplicación de Facenda a determinados efectos impositivos.



Existe un principio de finalidade nas taxacións, do mesmo xeito que non resultaría válido utilizar o valor catastral para tramitar unha expropiación, tampouco aducir o valor dunha táboa de Facenda pode entenderse coma valoración alternativa aos efectos.

Compre suliñar que as referidas alegacións expoñen unicamente disconformidade coa taxación dos terreos do proxecto de expropiación sen cuestionar outras circunstancias específicas de cada unha das fincas nin outros aspectos do documento ou da tramitación

Asemade, o procedemento prevé que a disconformidade respecto ao valor do solo sexa analizada polo Tribunal Superior de Expropiacións aos efectos de fixar o xustiprezo.

O equipo redactor incorpora documentación complementaria para a inscrición rexistral, sen alterar o contido propio da expropiación, recollida conxuntamente no proxecto de 14 de novembro do 2018 (deste xeito a certificación do acordo de expropiación suporá título inscribible, sen detrimento das posteriores aclaracións que poida requirir o Rexistro)

Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local acorde:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas obxecto desde informe:

1.- Alegación de RE nº201800000006287 de 24 de agosto de 2018.

por Francisco Calo Abelleira en representación de :
Rogelio Pena Gonzalez e Mercedes Pena Gonzalez
Fernando Bustelo Pena
Manuel Barreiro Boga
Josefina Fernández Fernández
Carlos Bustelo Ríos
Mª del Carmen Codesido Sixto

2.- Alegación de RE nº201800000006644 do 12 de setembro 2018

presentada por Mª Mercedes Blanco Louzao
coa posterior adhesión de Carmen Alcira Blanco Louzao (9-10-2018)

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Proxecto de Expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro, documento entregado o 14 de novembro do 2018 e redactado por Isidro López Yáñez, arquitecto e Beatriz Blanco Lois, enxeñeira técnico agrícola.

TERCEIRO.- Notificar a resolución aprobatoria do expediente ás persoas interesadas titulares de bes e dereitos no polígono, confiréndoselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o concello a disconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado, lembrándolles que no seu caso darase traslado do expediente e as follas de aprecio impugnadas ao Xurado de Expropiación de Galicia, aos efectos de fixar o xustiprezo.



A arquitecta

Marta Bellas Rodríguez

O informe da asesora xurídica de urbanismo é do teor literal seguinte:

INFORME

I.- Normativa aplicable

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que apróbase o Texto refundido de la Ley del suelo y rehabilitación urbana, TRLSRU.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal, de 28 de xuño de 2002, PXOM.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e bo goberno.
- RD 1093/97, do 4 de xullo, polo que apróbanse as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

II.- Antecedentes

1. O 27 de decembro do 2012 aprobouse polo Pleno o Plan Especial de Dotacións para implantación dun dotacional educativo, PEID en adiante, ao abeiro da anterior Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no que fíxase como sistema de actuación o de expropiación.

2. O 26 de xullo do 2018, a Xunta de Goberno Local adoptou acordo de aprobación inicial do proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta para execución do Plan Especial referido no anterior parágrafo, redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois e datado o 5 de xullo do 2018.

No mesmo acto, acordouse someter o devandito documento a información pública polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

A información pública efectuouse mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia Nº 153 do 10 de agosto e no xornal La Voz de Galicia do 9 de agosto do 2018, así coma no portal de transparencia do Concello.

Á par, notificouse individualmente as taxacións a aquelas persoas que constan no expediente como titulares de bens ou dereitos, así como ao Ministerio Fiscal no que atinxe a dúas parcelas de propietario descoñecido, notificacións que fixéronse mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que puideran formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación.

No BOE do 25 de setembro do 2018 publicouse anuncio de notificación para emprazar ao seguintes interesados aos que non se pode practicar notificación persoal:



<i>Interesado</i>	<i>NIF</i>	<i>Parcela</i>
<i>Victorio S.L.</i>	<i>B15208374</i>	<i>15002A515014310000BI Rexistral 39885</i>
<i>Carmen Alcira Blanco Louzao</i>	<i>33170352M</i>	<i>15002A515014080000BB Rexistral 39843</i>

Durante o prazo de información pública presentáronse observacións e reclamacións polos seguintes interesados:

- 24 de agosto do 2018 (R.E. Nº Francisco Calo Abelleira en nome de:

<i>Interesado</i>	<i>NIF</i>	<i>Parcela</i>
<i>- Alegantes: Rogelio Pena González e María Mercedes Pena González - Rexistro: Manuel Pena Santomil e María González Bustelo.</i>	<i>33.197.575-L 33.202.100-J 33.027.406-G 33.034.369-K</i>	<i>15002A515014340000BS e 15002A515014350000BZ Rexistrais 39891 e 39893</i>
<i>Fernando Bustelo Pena</i>	<i>33.213.428-W</i>	<i>15002A515014070000BA Rexistral 39841</i>
<i>- Alegantes: Manuel Barreiro Boga (Manuela Barreiro Boga e José Ramón Barreiro Boga) - Rexistral: María Boga Ríos.</i>	<i>33.215.452-W 33.175.657-C</i>	<i>15002A515014100000BA Rexistral 39845</i>
<i>Josefina Fernández González</i>	<i>33.162.849-T</i>	<i>15002A515014110000BB Rexistral 39847</i>
<i>Carlos Bustelo Ríos</i>	<i>33.197.853-K</i>	<i>15002A515014120000BY Rexistral 39849</i>
<i>- Alegantes: M^a. del Carmen Codesido Sixto. - Rexistral: Alfredo Costoia Fernández.</i>	<i>33.201.391-V 33.183.313-V</i>	<i>15002A515014330000BE Rexistral 39889</i>

Os interesados relacionados enriba achegan informe de valoración asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira.

- O 7 de setembro do 2018 (R.E. Nº e posterior escrito de adhesión do 9 de outubro do 2018, as copropietarias:

<i>Interesados</i>	<i>DD.NN.II</i>	<i>Parcela</i>
<i>María Mercedes Blanco Louzao</i>	<i>33170351-G</i>	<i>15002A515014080000BB Rexistral 39843</i>
<i>Carmen Alcira Blanco Louzao</i>	<i>33170352-M</i>	



Respecto desta última interesada cómpre apuntar que aínda que, como antes referiuse, nun principio houbo que publicar notificación en BOE por resultar infructuosa, nun momento posterior presenta alegacións, polo que pode considerarse notificada.

3. O 19 de outubro do 2018 a arquitecta municipal emite informe no que propón a desestimación das devanditas alegacións, así como a aprobación definitiva do proxecto de expropiación en cuestión.

4. O 15 de novembro do 2018 (R.E. 201899900001747) preséntase polos redactores do proxecto de expropiación, documento completado para aprobación definitiva datado o 14 de novembro do 2018.

III.- Consideracións legais

Trala información pública efectuada logo da adopción do acordo de aprobación inicial do proxecto de expropiación referido nos antecedentes, procede emitir informe sobre as alegacións e, de proceder así, sometemento do expediente a aprobación do órgano competente.

As alegacións presentadas só versan sobre a valoración contida no proxecto de expropiación, amosando desconformidade coa mesma. Sobre este extremo, por razón de especialización a que subscribe adhírese á proposta de desestimación das mesmas da arquitecta municipal, en xeral por entender que a oposición á valoración mantida polos alegantes ven xustificada na aplicación de normativa distinta da que ten que seguir esta Administración aos efectos da expropiación urbanística que estase a tramitar, e na consideración de metodoloxías non axustadas a situación do solo en cuestión.

Así, en tal sentido recolle o art. 34 do TRLS no ámbito do réxime de valoracións as do solo, instalacións, construcións e edificación e os dereitos constituídos sobre ou en relación con eles, cando teñan por obxecto a fixación do xustiprezo na expropiación, calquera que sexa a finalidade desta e a lexislación que a motive.

Á vista do proxecto de expropiación, o mesmo basea no TRLS e RVLS, como resulta esixible, a valoración nel contida. Partindo da situación do solo coma rural, con rendemento forestal e con taxación das plantacións con independencia dos terreos.

Noutro senso, das alegacións presentadas, aprécianse cambios nos propietarios e/ou titulares de dereitos reais que figuran no Rexistro da Propiedade e dos actuais, polo que en orde a continuar a tramitación do procedemento administrativo en cuestión (fixación do xustiprezo, pago/consignación deste e ulterior inscrición rexistral) os interesados deberán achegar os títulos actuais nos casos en que non coincida o propietario/titular actual co que consta no Rexistro da Propiedade.

Tramitación e competencia: art. 293 RLS; emitido informe sobre as alegacións, procede someter o expediente á aprobación da Xunta de Goberno Local como órgano municipal competente para aprobación dos instrumentos de xestión urbanística por delegación de Alcaldía naquela mediante Decreto 480/2016.

O devandito acordo de aprobación publicarase no Boletín Oficial da provincia (no prazo máximo dun mes desde que se adopte) ex. art. 220.2 RLSG; Así como será obxecto de publicación na sede electrónica ou páxina web do Concello xunto co proxecto de expropiación en cuestión, de conformidade co previsto nos arts. 5 e 7 e) da Lei de Transparencia. As devandita publicidade levarase a cabo previa disociación, de conter a información datos especialmente protexidos

Así mesmo, notificaráselles ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no



expediente (art. 293.7 RLSG). A tal efecto, cómpre practicar notificación ademais dos interesados aos que notificouse o acordo de aprobación inicial como titulares rexistrais e catastrais de bens e dereitos afectados, e Ministerio Fiscal polas dúas parcelas de propietario descoñecido, tamén aos interesados que presentaron alegacións distintos dos anteriores, aos que cómpre requíreselles a achega dos títulos actuais que ostenten.

Na devandita notificación conferiráselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal caso, daráselle traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para efectos de fixar o xusto prezo.

Se as persoas interesadas non formulan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, e entenderase determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. A ocupación comporta a necesidade de levantar unha acta nos termos contidos na lexislación estatal.

Con posterioridade á aprobación definitiva do proxecto de expropiación, o Concello procederá á inscrición rexistral das parcelas nos termos contidos na lexislación estatal e a instar do Catastro a actualización da súa configuración e titularidade segundo preceptúa o art. 118.9 LSG.

Dita obriga de inscrición rexistral e declaración catastral motivou a achega do derradeiro documento técnico do proxecto de expropiación datado o 14 de novembro do 2018, coa inclusión de datos das parcelas de resultado, para a súa constancia no acto de aprobación definitiva, en orde a emisión do certificado deste coma título inscribible co contido esixido a este polo art. 24 do RD 1093/97 de optarse pola inscrición conxunta da totalidade das superficies expropiadas na que se comprendan varias fincas rexistrais. Á devandita certificación administrativa acompañaranse con posterioridade de oficio os documentos complementarios a esta relacionados no art. 25 do RD 1093/97.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar as alegacións relacionadas no corpo deste acordo, presentadas durante o trámite de información pública do expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do Plan Especial de Dotacións para dotación escolar no Milladoiro, promovido de oficio polo Concello e redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois, polas razóns expostas no informe suscrito ao efecto pola arquitecta municipal.

Requirir aos propietarios/titulares actuais de bens e dereitos afectados a achega dos seus títulos nos casos nos que non coinciden estes cos propietarios/titulares que constan no Rexistro da Propiedade.

Segundo.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do Plan Especial de Dotacións para dotación escolar no Milladoiro, promovido de oficio polo Concello, en base ao proxecto de expropiación redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois de data 14 de novembro do 2018; e fixar como xustiprezo o recollido no devandito proxecto.



O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, aos efectos de impulsar de oficio o levantamento do acta de ocupación e demais trámites que correspondan.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da provincia e na sede electrónica ou páxina web do Concello xunto co proxecto de expropiación. Así mesmo, notificar ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no expediente do xeito descrito no corpo deste acordo.

Na devandita notificación conferiráselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal caso, daráselle traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para efectos de fixar o xusto prezo.

Se as persoas interesadas non formulan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fai no acto aprobatorio do expediente, e entenderase determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

Cuarto.- Optar pola inscrición rexistral conxunta da totalidade das superficies expropiadas coa emisión da certificación do RD 1093/97 e demais actuacións tendentes á devandita inscrición e declaración catastral consecuencia do proxecto de expropiación que apróbase.

Susana Ares Gómez

Figura fiscalización da conformidade da Intervención Municipal, informe 465/2018.

A vista dos informes favorables obrantes no expediente a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación do alcalde (decreto 480/2016) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas durante o trámite de información pública do expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do Plan Especial de Dotacións para dotación escolar no Milladoiro, promovido de oficio polo Concello e redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois, polas razóns expostas no informe suscrito ao efecto pola arquitecta municipal.

Requirir aos propietarios/titulares actuais de bens e dereitos afectados a achega dos seus títulos nos casos nos que non coinciden estes cos propietarios/titulares que constan no Rexistro da Propiedade.

Segundo.- Aprobar definitivamente o expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do Plan Especial de Dotacións para dotación escolar no Milladoiro, promovido de oficio polo Concello, en base ao proxecto de expropiación redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois de data 14 de novembro do 2018; e fixar como xustiprezo o recollido no devandito proxecto.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados, aos efectos de impulsar de oficio o levantamento do acta de ocupación e demais trámites que correspondan.

Terceiro.- Publicar o acordo de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica ou páxina web do Concello xunto co proxecto de expropiación. Así mesmo, notificar ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran no expediente do xeito descrito no corpo deste acordo.



Na devandita notificación conferiráselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal caso, daráselle traslado do expediente e da folia de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para efectos de fixar o xusto prezo.

Se as persoas interesadas non formulan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fai no acto aprobatorio do expediente, e entenderase determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

Cuarto.- *Optar pola inscrición rexistral conxunta da totalidade das superficies expropiadas coa emisión da certificación do RD 1093/97 e demais actuacións tendentes á devandita inscrición e declaración catastral consecuencia do proxecto de expropiación que apróbase.*

Quinto.- *Facultar ao señor alcalde do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado”.*